

Unidade 3. Castores larpeiros

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

A GALIÑA DOS OVOS DE OURO

Hai moitos anos vivía nunha aldea un matrimonio pobre. Un día pasou pola súa casa unha muller. O matrimonio ofreceulle un lugar para descansar e un pouco de comida. A muller aceptou encantada e cando marchou regaloulles unha galiña en sinal de gratitude.

O matrimonio meteu a galiña no curral e deitouse a durmir. Á mañá seguinte, cando a muller foi coller os ovos, observou que un deles brillaba. Era de ouro! Cada mañá a galiña poñía un ovo de ouro.

O matrimonio pensou que se mataban a galiña non terían que conformarse co ovo diario que esta poñía. Imaxinaban a ave chea de ovos do precioso metal, pero unha vez morta, resultou ser unha galiña común e, entón, lamentaron ter dado morte ao animal que era a súa fortuna.

POPULAR

1. Quen vivía na aldea?

Un matrimonio pobre.

2. Que diferenciaba a esta galiña das demais?

Cada mañá a galiña poñía un ovo de ouro.

Unidade 3. Castores larpeiros

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

3. Completa as oracións.

Nunha aldea vivía **un matrimonio pobre**.

Un día chegou **pola casa unha muller**.

O matrimonio ofreceulle **un lugar para descansar e un pouco de comida**.


A muller **aceptou encanxada**.

Cando marchou, **regaloulles unha galiña en sinal de gratitude**.

4. Que fixo o matrimonio coa galiña? Por que?

O matrimonio pensou que se mataban a galiña non terían que conformarse co ovo diario que esta poñía.

5. Como acabou o matrimonio? Colorea a escena correcta.



6. Cal é a ensinanza do conto? Marca a oración correcta.

Por querer ser moi ricos perderon todo.

Por querer comer a galiña perderon todo.

Unidade 3. Castores larpeiros

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

7. Escribe un nome común e un propio para cada imaxe.

Resposta libre.



8. Completa con o ou a.

O meu veciño **Alberte** é músico. El toca **a** guitarra nunha orquestra. **O** domingo invitoume a un **concerto** seu. Fun eu e **Marta**, **a** súa filla. **O** concerto foi moi bo. **A** xente aplaudiu moito. **O** meu veciño saíu a saudar varias veces.

9. Completa coas palabras destacadas do texto e engade outra.

- Substantivo común feminino **guitarra** Resposta libre
- Substantivo propio masculino **Alberte** Resposta libre
- Substantivo propio feminino **Marta** Resposta libre
- Substantivo común masculino **concerto** Resposta libre

10. Escribe unha oración na que apareza un substantivo común feminino e un propio masculino.

Resposta libre.

Unidade 3. Castores larpeiros

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

11. Completa con ? ou !.

—Que tal o pasaches na festa de Antía?

—Moi ben! Había de todo!

—Si? Entón que había?

—Pois xogos inchables, unha pista de bólas e un mago.

—Había un mago!

—Si, fixo desaparecer moitas cousas! E a min sacoume un coello dun zapato! Foi increíble!

12. Escribe unha oración interrogativa e unha exclamativa coas palabras cabeza e xersei. Resposta libre.

- _____
- _____
- _____
- _____

13. Completa con pr ou pl.

primeiro

plano

plástico

prata

amplio

prezo

comprador

completo


14. Completa con cr ou cl.

- Clara toca o clarinete na clase.
- O crocodilo cravou unha clementina.

Unidade 3. Castores larpeiros

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

15. Observa o debuxo e escribe os nomes no seu lugar.



16. Resolve as adiviñas.

Canto na beira,
vivo na auga,
non son un peixe,
nin son cigarra.

Orellas longas,
rabo curtiño;
corro e salto
moi lixeiriño.

É unha ra.

É un coello.

17. Escribe unha oración con cada palabra. **Resposta libre.**

- tetos _____
- crista _____
- branquia _____

18. Escribe o nome de tres animais que teñan: **Resposta aberta.**

ás → _____

escamas → _____